

Ponte Maceira, 10 de febreiro de 2012

## O LEITE FEIRACO VAI DE ENTROIDO


- “Neste entroido todas as vacas queren ser Feiraco” é o lema escollido pola cooperativa galega para celebrar con todos os galegos esta tradicional festa.
- Durante os festexos, os cartóns de leite Feiraco vestiranse de “choqueiros” para a ocasión, regalaranse nos supermercados de Galicia tres modelos de máscaras distintos a partires do vindeiro luns 13 de febreiro e as cidades se decorarán cos mupys da campaña.
- Feiraco acompañará os rapaces das principais cidades galegas durante a saída dos desfiles das comparsas onde tamén repartirán as devanditas caretas.
- Toda a campaña poderá seguirse *online* na páxina [www.feiraco.es](http://www.feiraco.es) e noutras canles electrónicas nas que Feiraco ten preparadas varias sorpresas.

**Ponte Maceira, 10 de febreiro de 2012.-** Con motivo da celebración dunha das festas máis importantes e conmemoradas de Galicia, o Entroido, a cooperativa Feiraco levará a cabo unha campaña especial que consistirá en diversas accións encamiñadas a animar durante estas datas a todos os galegos.

Baixo o lema “Neste Entroido todas as vacas queren ser Feiraco”, a partir do luns 13 os envases de leite Feiraco vestiranse cada un deles -enteira, semidesnatada e desnatada- coa súa cor característica nunha edición especial deseñada especialmente para estes festexos que poderá atoparse en todos os supermercados galegos.

Xunto cos cartóns de leite repartiranse unhas máscaras que estarán dispoñibles en tres orixinais modelos. Paralelamente levaranse a cabo varias accións exteriores de promoción como repartir caretas o día do desfile nos principais núcleos urbanos de Galicia ou a colocación de mupys coas imaxes da campaña nos distintos circuitos de mobiliario urbano das cidades galegas.

Esta campaña exterior reforzarase coa presenza online dos carteis e coa propia páxina web de Feiraco, que xa está vestida de Entroido.



Con todos estes esforzos Feiraco quere achegarse nestas datas tan sinaladas aos consumidores, porque sabe o importante que son estas festas dentro da súa cultura e tradición.

*Para más información:*

*Carmen Ponte/Sandra Franco*

*Tels. 699 43 15 42/638 27 59 86/981 59 66 12*

*E-mail: [info@rpgalicia.es](mailto:info@rpgalicia.es)/[carmenp@rpgalicia.es](mailto:carmenp@rpgalicia.es)*